



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A FIRMA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO (INTECMAR) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DE ALUMNOS DA FACULTADE DE VETERINARIA.

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións das Universidades, por iso é polo que sexa un dos obxectivos da USC o complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permite coñecer a realidade laboral.

A Administración non debe ser allea á necesidade dun maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, alcanzando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

O Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante, establece no seu art. 8.f o dereito dos estudantes á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas. O Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a a posibilidade de que os estudantes matriculados en ensinos impartidos pola Universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.

Con esta finalidade, o INTECMAR asinou convenios de colaboración educativa coas tres universidades galegas. Concretamente coa Universidade de Santiago de Compostela ten en vigor cinco convenios para realizar prácticas académicas externas curriculares, extracurriculares ou prácticas conducentes á elaboración de traballos Fin de Grao nos graos de bioloxía, nutrición humana y dietética, ou Fin de Máster nos másteres de Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentaria, Química e Química Industrial e Bioloxía Mariña.

Co novo Convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa coa Facultade de Veterinaria da Universidade de Lugo, no que se delimiten as garantías recíprocas do alumnado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas. No Convenio determínanse os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación das prácticas realizadas polos estudantes nas instalacións do Intecmar. Establécese que a relación destes co Intecmar en ningún caso terá carácter laboral, e por tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no Estatuto dos Traballadores. As actividades realizadas polos estudantes sempre





estarán orientadas á aprendizaxe práctica tutorizada, polo que non poderán realizar tarefas de responsabilidade.

O texto deste novo convenio segue fielmente a redacción dos anteriormente asinados coa Universidade de Santiago. Do mesmo xeito que os anteriores, este convenio non xerará gastos ao Intecmar, polo que non é preciso elaborar unha memoria económica.

Vilagarcía de Arousa, 16 de xaneiro de 2018
Subdirector do Intecmar

José Molares Vila

